

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE CORTEGADA PARA A CREACIÓN DUN MIRADOIRO TURÍSTICO E SINALIZACIÓN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Cortegada o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o concello de Cortegada para o proxecto de creación dun miradoiro turístico e sinalización.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.





Segundo.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.

Terceiro.- Ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Cuarto.- O Concello de Cortegada pretende fomentar a accesibilidade e a sinalización de recursos turísticos no medio rural, coa finalidade de aumentar o coñecemento do medio natural, así como lograr unha maior sensibilización da necesidade da súa conservación.

Para isto, o concello ten prevista a creación dun miradoiro turístico nun entorno imponente e ubicado nunha zona elevada no acceso ao núcleo de Cortegada, con fácil acceso para peóns e vehículos, que permite unhas espectaculares vistas.

Este miradoiro a modo de balcón sobre o río Miño permitiranos desfrutar dunhas inmillorables vistas deste río e das caprichosas formas e meandros modelados a lo longo do tempo, así como de todos os recursos naturais e paisaxísticos do val e concellos limítrofes.

Quinto.- A actuación consistirá en colocar pavimentos, varandas e sinalización que faciliten o acceso e ofrezan a posibilidade, aos que se acheguen a contemplar estas vistas, de desfrutalas cunha maior seguridade.

Así mesmo, para facer máis atractivo o acceso ao concello, situaranse na zona axardinada enfronte do miradoiro unha sinalización do nome do concello a base de letras soltas corpóreas de aceiro con iluminación, que potenciará turisticamente o acceso a este.





Sexto.- Co obxecto de promover o turismo no concello, as partes consideran esencial colaborar na realización deste convenio, xa que se trata dunha acción de interese común e supón a posta en valor turístico dos recursos do concello, sendo este á única entidade que pode desenvolver á actuación subvencionada.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Cortegada unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

